

COMENTARIO DE *A esmorga*

— Non, señor, non; só era pra írmonos entendendo, pois xa me vou deprocatando que vostede non é deiquí...

—

—Non, señor, non; non é que me importe senón pra que me entenda, pois tamén lle tivemos un capataz, que era das partes dos murcios, que aínda falándolle na súa falanon nos entendíamos... Pois indo ó asunto, eran Xanciño o Bocas, ou o Alifante, ou o Peitodemacho, e mais Aladio o Milhomes, ou o Papaganduxos, ou o Setesaías, ou o Maricallas, tamén como a vostede lle pete, que eiquí todos temos onde escoller...

A esmorga, Eduardo Blanco Amor

O fragmento que se nos propón para o comentario corresponde ao comezo da novela *A esmorga* de Educardo Blanco Amor, texto publicado na Arxentina en 1959 e que resultou innovador no momento, tanto pola súa técnica narrativa como pola súa temática.

No tocante á temática do fragmento, trátase dunha elocución entre Cibrán, o protagonista, e o xuíz. Este último ten unha intervención que aparece grafada cun guión mais sen texto. Isto débese a que o autor, para evitar facer unha novela bilingüe (na altura os xuíces falaban en castelán), introduce na obra a novidosa técnica telefónica, dádolle voz só ao inculpado, e tendo que o lector/a adiviñar as intervencións do xuíz a partir das respostas de Cibrán, o narrador protagonista.

Nas dúas intervencións do protagonista, sinala a falta de comprensión das súas palabras por parte do xuíz, e presenta os outros coprotagonistas da obra, cos seus nomes e alcumes, unha característica que, xunto coa fala de Cibrán, dan conta doutra das características principais deste texto: a descrición dunha clase social baixa no ambiente urbano (escasamente presente, até entón, na narrativa galega) da cidade de Ourense, coas súas características dialectais. Así temos o adverbio "eiquí" (propio do bloque central e oriental do galego) e as formas "pro" (en vez de "pero"), "pra" (en vez de "para") ou "Aladio" (en vez de Eladio), que indican o nivel vulgar e o rexistro coloquial da lingua de Cibrán.